



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

Comisión de Xestión - 5 de maio de 2010

1.- Repartidores en Santiago: Este tema foi solicitado polo Comité para aclarar como está a situación do persoal asignado aos RP. Dinos a empresa que os auxiliares están acoplados en I+M pero non teñen a praza no RP, dende a CIG insistimos en que dúas persoas estaban a facer o seu traballo no RP de Vite e unha delas está traballando noutro edificio e facendo outras actividades, a outra persoa está de baixa.

Argumenta o xefe de Operacións Locais que motivado por queixas dos diferentes auxiliares decidiron que non se lle asignaba o traballo do RP a unha persoa de xeito fixo e que irían rotando, pero pouco despois segue a dicir que nestes momentos, por causas médicas, haberá outra persoa fixa no RP. É capaz de botarlle a culpa aos traballadores dos cambios e ao tempo dicir unha cousa e a contraria. RRHH indica que se o acoplamento está no edificio de Vite e a persoa que estaba no RP traballará agora en Conxo farán a reestruturación que corresponda (outra máis, por reestruturacións que non sexa) pero en calquera caso non volverá ao RP.

Queda claro que a empresa ten intención de mover ao persoal como lle peta, por máis que se lles indicou que os movementos deben facerse cuns criterios definidos e aclarados insisten en que teñen potestade para repartir o traballo como queiran, se dende o Comité non se actúa con decisión a empresa fará e desfará canto queira, sen criterio nin orde ningún no reparto de actividades, así a cousa debe ser o Comité quen faga o seu traballo na defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras.

2.- Operacións Locais: Punto tamén solicitado polo Comité e que ten moito a ver co anterior, o caso é que hai días en que OAPS de Santiago van facer traballo á Coruña e OAPS da Coruña están a traballar en Santiago, pídeselle unha explicación á empresa. Comenta o xefe de Operacións Locais que neste momento están a darlle a máxima importancia á instalación de OBAs facéndoo con persoal propio. Como na Coruña se concentra a maior parte do traballo e teñen moito persoal en Ferrol e Santiago terán que desprazarse dende estas localidades para dar as altas.

Insistimos en que non cadran as contas pois tamén persoal da Coruña está a traballar en Santiago, logo recoñecen que non todos os OASP fan o mesmo traballo e actividades como o mantemento das unidades de proba do SERA non se lles dá a todos, recoñecen tamén que non saben canto tempo farán esta actividade pois seguramente se externalice tamén (outra máis) pero de momento reparten así o traballo.

Como quedou claro no punto anterior asignan os traballos como lles peta, non hai reparto equitativo sobre o grupo e haberá quen faga mellores traballos porque o seu responsable así o decide. Recoñecen así mesmo que é un despropósito mandar ao persoal con moi boa cualificación, como a grande maioría dos OASP, a facer altas de OBAs, pois só se trata de montar unha roseta no cliente; e ao tempo ter a contrata con actividades que precisan moita formación, pero é o que hai. O tempo dirá que se agocha detrás desta cuestión que non son nada boas de explicar.

Neste punto dende a CIG como pregunta para o responsable de Operacións Locais comentamos que en O+M a pesar de haber unha roda única non funcionan como tal o que demostra que a unificación só tiña como obxectivo desfacerse de persoal. Tamén preguntamos porqué un traballador da contrata Tex Digital estaba nunha avaría en Montaña cando esa central é das atendidas por persoal propio, solicitamos que se nos informe de como está o mantemento dende que se externalizou, aportando datos do seguimento das avarías. Polo que nós sabemos deteriorouse bastante o servizo dende que se externalizou o mantemento.

Aquí aparece o xefe de O+M defendendo a máis non poder á contrata, di que o traballador de Tex Digital estaba nunha avaría dun circuíto e tiña que medir na tarxeta de Tx (nós díxémoslle que debería pasarlle a avaría ao persoal de O+M), a seguir comenta que a contrata está a ofrecer un moi bo servizo, en algunhas cousas mellorando o de antes pero non é quen de aportar ningún dato concreto. O que pensamos na CIG é que este home está a buscar un oco na contrata cando Telefónica o mande para a casa pois senón non se explica.

3.- CGA Riazor: Este tema xa ven de vello pois dende o cambio de actividade do grupo os problemas son constantes. O caso é que teñen menos persoal e tendo tamén algúns compañeiros de baixa seguen co ritmo de quendas e gardas de cando eran máis, por riba metéronlle unha nova actividade que ata agora facía o persoal de RIMA.

O coordinador di que ben poden coas quendas e as gardas xustificando incluso a garda do domingo, lembrámoslle que só se fai na Coruña e teñen que atender territorios que non son seus e que ademais trátase de altas e non avarías polo que non lle atopamos sentido ás gardas de domingo e festivo. Nesta cuestión adianta que a partir de agora rotarán con outros dous centros nestas gardas polo que entrará persoal da Coruña un de cada tres domingos ou festivos. Sobre as quendas insiste en que precisa todas as que teñen polo volume de traballo, aínda non se aportou un só dato concreto, e que o único que pode facer e permitir librar estando de xornada partida a un, ate agora só podían librar estando de mañá.

Dende a CIG recordámoslle que na Comisión de Xestión onde incrementaban as quendas se lles indicou que deben fixar os criterios en base ao volume de traballo, aportando datos que permitan marcar as quendas, daquela a empresa quedara en que aportaría eses datos pero nunca o fixo. Tamén lle pedimos explicacións sobre a actividade relacionada con RIMA e díxonos que fora unha cousa puntual por unhas avarías masivas, neste punto faremos un seguimento para ver se realmente é así.

4.- CNAI: Outro departamento que segue o carreiro do CGA, poñendo problemas enriba dos problemas para non arranxar ningún. O caso é que o día 18 deste mes os Técnicos do grupo de soporte de N2 deben empezar coa actividade e aínda non saben de que se trata.

Dende a CIG volvemos insistir en que está a crear un problema coa división da coordinación en grupos diferentes e que debe permitírselle ao persoal cambiar de grupo, agora e no futuro, e para iso está a solicitude de cambio de acoplamento. Tal e como está agora a coordinación iso non é posible así que deben arranxar ese problema. A empresa insiste en que reparte o traballo como lle peta e decide facelo así.

Sobre as quendas anunciadas dicimos que deben de aportar datos que as xustifiquen pero ao igual que no tema anterior todo é de palabra e sen aportar nada concreto, que van aportar se non saben nin como será a actividade. Insistimos dende a CIG que o primeiro que se debería ter feito é dotar ao departamento de suficiente persoal e logo ver de asumir esa actividade, indicamos tamén que se pretenden poñer a facer a algúns OTPI función de Técnicos pagando un complemento, rexeitaremos rotundamente a medida, o que teñen que facer é conceder traslados de Técnico pois hai peticións abondo para A Coruña.

Recoñece a empresa que esa medida, pagar complemento a algúns OTPI, téñena na cabeza e poida que a utilicen durante un tempo se non chegan os Técnicos que hai. Queda claro que o malestar que hai entre os Técnicos pola división do traballo en grupos, se estendeu aos OTPI cando algúns deles foron informados que igual farían de Técnico, mais a empresa teima no mesmo e non é quen de recoñecer que o ambiente de traballo non é bo.

Tamén se lle dixo á empresa que non se pode convocar ao persoal a un curso a Madrid de xeito "forzoso" tal e como se puxo no correo que recibiron, todos temos vida á marxe de Telefónica e non poder dispoñer do noso tempo (fóra da hora de traballo) desa maneira. O responsable de RRHH di que o traballador ten a obriga de formarse e se o curso só se pode facer en Madrid debe ir, aínda así non lles pasou nada aos que se negaron... Semella que se senten tan crecidos que puxarán contra os traballadores todo canto poidan, algo terá que ver a labor sindical dos sindicatos amigos e colaboradores, tan consentidores eles.